



5 outubro 1970.

Sr. D. Luis Tobío Fernández.


Meu estimado amigo e paisán:

No corrente mes de outubro, cómprese o cincuentenario do primeiro número da revista NOS, publicación puramente literaria, escrita toda en lingua galega, que foi unha bandeira de cultura enxebre e estivo mantida polos máis nobres e outros ideais. A Real Academia Gallega, que procura estar sempre atenta aos latexos do país e aos seus aconteceres históricos, pensa que a data é merecedora de que se conmemore, facendo un recordo dos fundadores e daqueles que ao seu esforzo poideron levar adiante a boa obra como colaboradores da mesma.

Asín, contándose vostede entre éstos, prégoille teña a ben honrarnos enviando dúas coartelas, a un espazo, co texto que estime axeitado a aquela conmemoración que non debe quedar esquecida polos bos galegos, remitíndoas o máis axiña posible.

Vaia por adiantado a nosa máis fonda gratitude.

De vostede amigo e paisán

  
Sebastián Martínez-Risco.  
Presidente.